



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E CAIXANOVA SOBRE O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS LEADER E DINAMIZADORES

En Santiago de Compostela, a 13 de febreiro de 2009.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Alfredo Suárez Canal, Conselleiro de Medio Rural, segundo o Decreto 213/2005, do 3 de agosto (DOG nº 149 do 4 de agosto) e Presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en diante, Agader).

E da outra, D. José Luís Pego Alonso, na súa condición de Director Xeral da entidade Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra (en diante, "Caixanova").

Ambas partes recoñécense reciprocamente capacidade legal para outorgar o presente convenio e, a tal fin,

EXPOÑEN

Primeiro: Agader ten encomendadas, entre outras, as funcións de impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación de grupos de desenvolvemento rural (GDR) encargados da súa execución, así como de xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2007-2013 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural. No marco desas funcións vai executar actuacións nos eixes 3 e 4 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 (PDR) a través do programa Leader e do programa de proxectos dinamizadores das áreas rurais.

Segundo: Que Caixanova está interesada en participar nas actuacións postas en marcha por Agader de apoio a o medio rural a través dos anteditos programas Leader e Dinamizadores.

Xa que logo, de acordo con todo o anteriormente exposto, habida conta do interese común de ambas as dúas partes, a través do presente convenio preténdese articular un marco de colaboración con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS


Primeira.- Obxecto e ámbito territorial do convenio.

O obxecto deste convenio é establecer, no ámbito territorial de Galicia, a forma e condicións nas que deberá desenvolverse a colaboración entre Agader e Caixanova para a instrumentación de liñas de financiamento a interese preferente vinculadas aos programas Leader e Dinamizadores.

Segunda.- Liñas de financiamento.

Caixanova comprométese á creación dunha liña de préstamos, por importe de até 250 millóns de euros, destinada especificamente ao financiamento de empresas e particulares beneficiarios dos programas Leader e Dinamizadores.

Terceira.- Período de vixencia.





A duración deste convenio será a do período de programación, 2007-2013, aínda podendo revisarse as súas cláusulas anualmente.

As condicións financeiras recollidas neste documento poderán ser revisadas, á alza ou á baixa, sempre que as variacións nos mercados financeiros así o xustifiquen, cun preaviso de un mes entre as partes.

Cuarta.- Compromisos de Agader.

Agader comprométese a realizar unha ampla difusión deste convenio entre todos os beneficiarios de axudas dos programas Leader e Dinamizadores.

Quinta.- Compromisos de Caixanova.

Caixanova aplicaralles aos GDR do programa Leader as condicións financeiras recollidas no **Anexo I** a este convenio titulado “**Condicións financeiras para os GDR do programa Leader.**”

Caixanova aplicaralles aos beneficiarios dos programas Leader e Dinamizadores as condicións financeiras recollidas no **Anexo II** a este convenio titulado “**Condicións financeiras para os beneficiarios dos programas Leader e Dinamizadores**”, os cales deberán achegar unha vinculación comercial suficiente.

Caixanova, a través dos presupostos da súa Obra Social destinados o apoio dos sectores produtivos, contribuirá a impulsar e desenvolver aquelas iniciativas emprendidas polos GDRs, que asinen convenios de colaboración con Caixanova, e que teñan por obxecto promover as actividades dos seus asociados, até unha cuantía máxima anual de 1.500 €, para cada GDR.

Sexta.- Compromisos dos beneficiarios.


Para poder acollerse a calquera das liñas de financiamento especial detalladas na cláusula precedente, os beneficiarios deberán xuntar á súa solicitude a xustificación necesaria de estaren acollidos aos programas Leader ou Dinamizadores. En todo caso, Caixanova poderá aprobar ou rexeitar as solicitudes de financiamento que lle sexan efectuadas ao abeiro deste convenio, conforme aos seus propios criterios de valoración de riscos e, no seu caso, esixir as garantías adicionais que considere axeitadas.

Sétima.- Comisión de seguimento.

Co fin de conseguir a maior operatividade na aplicación deste convenio e velar polo axeitado cumprimento dos seus obxectivos, constitúese unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes designados por cada unha das partes.

As funcións da citada comisión serán:

- Interpretar o contido do convenio e adoptar as decisións de carácter operativo axeitadas para a súa correcta aplicación.
- Efectuar o seguimento e avaliación dos resultados do convenio. Analizar posibles incidencias ou queixas de beneficiarios que teñan dificultades de acceso aos produtos amparados polo convenio.
- Servir de canle de diálogo sobre os asuntos que poidan ser de interese mutuo.





Oitava.- Natureza do convenio.

Este convenio terá natureza administrativa. Calquera cuestión que suscite a interpretación, aplicación e efectos deste convenio e que non queden resoltos pola comisión de seguimento será sometida á xurisdición contencioso-administrativa.

E para que así conste, en proba de conformidade asínase o presente convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

Por Caixanova,



Asdo: D. José Luís Pego Alonso

Por Agader



Asdo: D. Alfredo Suárez Canal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



caixanova 

ANEXO I

Condicións financeiras para os GDR do programa Leader





ANEXO I.- CONDICIÓN FINANCEIRAS PARA OS GDR DO PROGRAMA LEADER	<u>Febreiro 2009</u>
---	----------------------

FINALIDADE	PRODUTO	XUROS	COMISIONS	PRAZO	OBSERVACIONS
FINANCIAMENTO A CURTO PRAZO	PÓLIZA DE CRÉDITO PARA OS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL	EURIBOR (3 meses) + 1	FORMALIZACIÓN: 0% NON DISPONIBILIDADE: 0% OTRAS COMISIONS: EXENTO	ATÉ 2 ANOS, CON RENOVACIÓN TÁCITA ANUAL	IMPORTE: ATÉ 20.000 €

As condicións financeiras recollidas neste documento poderán ser revisadas, á alza ou a baixa, sempre que as variacións nos mercados financeiros así o xustifiquen, cun preaviso de un mes entre as partes






XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL




caixanova 

ANEXO II

**Condicións financeiras para os beneficiarios dos programas
Leader e Dinamizadores**





ANEXO II.- CONDICIÓN FINANCEIRAS PARA AS EMPRESAS E PARTICULARES BENEFICIARIOS DE PROXECTOS VINCULADOS AOS PROGRAMAS LEADER E DINAMIZADORES DE AGADER

Febreiro 2009

FINALIDADE	PRODUTO	XUROS	COMISIÓN	PRAZO	OBSERVACIÓNS
FINANCIAMENTO	PRÉSTAMO PERSOAL VARIABEL	EURIBOR (1 ano) +1,25	FORMALIZACIÓN: 1% AMORTIZACIÓN ANTICIPADA: 0% CANCELACIÓN ANTICIPADA: 0%	ATÉ 10 ANOS	BANDA FLUTUACIÓN 4,00%-15,00% IMPORTE MÍNIMO: 10.000 EUROS

FINANCIAMENTO HIPOTECARIO (*)	PRÉSTAMO HIPOTECARIO VARIABEL VIVENDAS	EURIBOR (1 ano) +0,60	FORMALIZACIÓN: 0,50 % (Min 300 €) Compensacións ou comisións aplicables cando concorran o non as circunstancias previstas no art. 7 da Lei 41/2007 (*)	ATÉ 20 ANOS	BANDA FLUTUAC.:4,00 %- 15,00% IMPORTE MAX. S/ TAXACIÓN:80%
	PRÉSTAMO HIPOTECARIO VARIABEL OUTROS INMOBLES	EURIBOR (1 ano) +0,85		ATÉ 15 ANOS	BANDA FLUTUAC.:4,00 %- 15,00% IMPORTE MAX. S/ TAXACIÓN:60%

(*) Estas condicións inclúense nun paquete de produtos que levaría aparelada a contratación en “Caixanova” dun seguro do inmoble e o seguro do negocio

Amortización Anticipada 0% e Cancelación Anticipada 1%. Compensacións aplicables por cancelacións subrogatorias ou non subrogatorias cando concorran as circunstancias previstas no art. 7 da Lei 41/2007: Desistimento parcial ou total durante os primeiros cinco anos 0,50% e a partir do 5º ano 0,25%. Risco tipo de xuro 1% (só se percibirá se existe unha perda para a Entidade e cando os préstamos son a tipo de xuro fixo ou variable con período de revisión do tipo de xuro superior a doce meses.

As condicións financeiras recollidas neste documento poderán ser revisadas, á alza ou a baixa, sempre que as variacións nos mercados financeiros así o xustifiquen, cun preaviso de un mes entre as partes





ANEXO II.- CONDICIÓN FINANCEIRAS PARA AS EMPRESAS E PARTICULARES BENEFICIARIOS DE PROXECTOS VINCULADOS AOS PROGRAMAS LEADER E DINAMIZADORES DE AGADER Febreiro 2009

FINALIDADE	PRODUTO	XUROS	COMISIONS	PRAZO	OBSERVACIÓNS
FINANCIAMENTO A CURTO PRAZO	PÓLIZA DE CRÉDITO DE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN	EURIBOR (3 meses) + 1	FORMALIZACIÓN: 0,50% NON DISPONIBILIDADE: 0%	1 ANO	LIQUIDACIÓN TRIMESTRAL BANDA FLUTUAC.: 4,00 %- 15,00% IMPORTE MAX. ATÉ 100% SUBVENCIÓN IMPORTE MÍNIMO: 10.000 EUROS GARANTÍAS: CESIÓN E DOMICILIACIÓN IRREVOCABLE, EN CONTA ABERTA EN CAIXANOVA, DAS SUBVENCIÓN ANTICIPADAS

AVAIS	AVAIS	APERTURA-AVAL: 0,15% (MÍNIMO 15 €) COMISIÓN RISCO AVAL: 0,20% TRIMESTRAL (MÍNIMO 15 €)
--------------	-------	---

As condicións financeiras recollidas neste documento poderán ser revisadas, á alza ou a baixa, sempre que as variacións nos mercados financeiros así o xustificquen, cun preaviso de un mes entre as partes

